



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANUNCIO

Mediante resolución da concellería de Persoal de data 12.08.2020 ditouse o seguinte acto administrativo cuxo contido literal é:

ACEPTACIÓN RENUNCIAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACION PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA O PROGRAMA INTEGRADO E EMPREGO 2019-2020 CONCELLO DE TUI

Mediante resolución da concellería de Persoal de data 06.08.2020 (núm. 2020-0874), requiríuse para que dentro do prazo de 3 días hábiles presentasen a documentación para a súa contratación como persoal para o Programa Integrado de Emprego 2019-2020 do Concello de Tui ás seguintes persoas:

- Técnica de emprego e orientación laboral a Dona Ana Concheiro Sánchez.
- Técnica de emprego e orientación laboral a Dona Mónica Pampín González
- Técnica de prospección laboral a Dona Ascensión R. Costas Táboas.

Mediante escrito de data 10.08.2020 (n.r.e.2020-E-RE-4980) Dona Mónica Pampín González presenta a súa renuncia ao posto como técnica de emprego e orientación laboral e pasa a ocupar a segunda posición na listaxe de reserva.

Mediante escrito de data 11.08.2020 (n.r.e 2020-E-RE-1726) Dona Ana Concheiro Sánchez presenta a súa renuncia ao posto como técnica de emprego e orientación laboral e pasa a ocupar a primeira posición na listaxe de reserva.

Mediante escrito de data 10.08.2020 (n.r.r 2020-E-RE-1709) Dona Ascensión Rosario Costas Táboas presenta a súa renuncia ao posto como técnica prospectora laboral e pasa a ocupar a primeira posición na listaxe de reserva.

Asemade no mesmo escrito Dona Ascensión renuncia a un posible chamamento para ocupar o posto de técnica de emprego e orientación laboral dentro do Programa 2019-2020 por atoparse a día de hoxe traballando e pasa a ocupar a terceira posición na listaxe de reserva.



Á vista das renuncias presentadas proponse para a súa contratación as seguintes persoas da listaxe de reserva segundo a orde de puntuación:

Como técnico de emprego e orientación laboral a Don Carlos Arias González.

Como técnica de emprego e orientación laboral a Dona María Pilar Lago Goberna.

Como técnica prospectora laboral a Dona Rosa María Molinos Campos.

Por todo o anteriormente exposto esta concellería delegada de Persoal (resolución de delegación 24/06/2019 nº 2019-0720),

RESOLVO:

1. Aceptar a renuncia aos postos de técnica de emprego e orientación laboral de Dona Mónica Pampín González, Dona Ana Concheiro Sánchez e Dona Ascensión Rosario Costas Táboas e ao posto de técnica prospectora laboral de Dona Ascensión Rosario Costas Táboas.

2. Requirir **ás persoas candidatas propostas**, para que no prazo de **3 días hábiles**, a partir da publicación desta resolución presenten a documentación seguinte, salvo que xa obre en poder desta administración, perdendo ó seu dereitos a ser contratados de non facelo., anexo de entrega de documentación de proceso selectivo, fotocopia compulsada do DNI, certificado médico oficial que acredite a súa condición de apto para o desenvolvemento das funcións do posto, fotocopia compulsada do título sinalado no punto 6 da base 4ª, fotocopia da tarxeta da seguridade social, certificado bancario de número de conta, modelo para a retención do IRPF, copia compulsada do carnet de conducir "B" e declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade.

3. Darlle traslado do presente acordo a unidade de persoal, e o Pleno na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asíno o sr Concelleiro de Persoal, José Ramón Magán Rivera.

Documento asinado dixitalmente á marxe

